

RESOLUCIÓN REITORAL DE 24 DE MAIO DE 2018 POLA QUE SE MODIFICAN OS CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE PDI DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O ANO 2017.

Detectado erro no documento “*Criterios para a elaboración da oferta de emprego público de PDI da Universidade de Vigo para o ano 2017 (CG 09/10/17)*” no relativo a data na que as persoas solicitantes tiñan que ter a condición de profesorado contratado doutor na selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado titular de universidade no ano 2017.

Unha vez acordada a data correcta no Consello de Goberno de 23 de maio de 2018, e consonte ao artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

ESTA REITORÍA RESOLVE,

Primeiro: Modificar o apartado (3) dos “Criterios para a elaboración da oferta de emprego público de PDI da Universidade de Vigo para o ano 2017”.

Onde dí:

... “(3)7 prazas de PTU a convocar entre as áreas de coñecemento nas que existan solicitudes de profesorado que na data 31 de decembro de 2015 tivese a condición de profesorado contratado doutor. Os criterios de selección destas áreas serán aprobados nunha vindeira sesión do Consello de Goberno.”...

Debe dicir:

... “(3)7 prazas de PTU a convocar entre as áreas de coñecemento nas que existan solicitudes de profesorado que na data 31 de decembro de 2016 tivese a condición de profesorado contratado doutor. Os criterios de selección destas áreas serán aprobados nunha vindeira sesión do Consello de Goberno.”...

Segundo: Deixar sen efecto a Resolución Reitoral de 4 de maio de 2018 pola que se suspende a convocatoria de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado titular de universidade, no ano 2017.

Vigo, 24 de maio de 2018

O REITOR

Por Delegación R.R. de 29/06/2017

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana M. Graña Rodríguez

